

A CONXUNCIÓN

A conxunción é unha clase de palabra que serve para enlazar dúas palabras ou dúas oracións entre si.

Tipos de conxuncións:

Copulativa: e, mais, e mais, nin, a mais.

Adversativa: pero, mais, non obstante, con todo, así a todo, ora ben, só que, sacado que, senón, agás que, porén, fóra de que, bardantes que...

Distributivas e disxuntivas: ou, ben...ben, cal...cal, nin...nin, ora...ora, quer...quer, xa...xa.

Causal: porque, que, como, pois, pois que, xa que, posto que, dado que, visto que, por mor de que, por causa de...

Consecutiva: así que, de modo que, de maneira que, polo tanto, con que, daquela, de aí que, de forma que, de xeito que, entón, xa que logo, logo...

Final: a fin de que, para que, que, en favor de que...

Concesiva : aínda que, inda que, malia que, pese a que, a pesar de que, así, mesmo que, nin que, por máis que, por moito que.

Condicional: se, con que, con tal que, caso de que...

Locativas (lugar): onde, onde queira que.

Temporal: cando, antes de que, asemade, ata que, axiña que cada vez que, desde que, despois de que, inda ben que, logo, mentres, mentres tanto, namentres, non ben, sempre que...

Modal: como, como se, como queira que, conforme, consonte, segundo, sen que, tal e como...

Comparativa: ca, que, coma, como.

Completivas (substantivas): que, se.

Funcións:

As conxuncións funcionan de **nexo nas oracións compostas**. Estes nexos hannon indicar se as oracións están ao mesmo nivel (entón serán **coordinadas**) ou se a segunda depende da primeira (**subordinadas**).

As conxuncións nas oracións compostas por coordinación

Copulativas As partes –cláusulas- son independentes; súmanse unha á outra para formar a oración composta.	<i>e, mais, e mais, nin, a mais.</i> “Ti mais eu imos aprobar o exame” (Nexo=adición)
Disxuntivas As cláusulas exclúense mutuamente.	<i>ou, quer...quer, xa...xa</i> “Podemos ir ao cine ou de compras” (Nexo=exclusión)
Distributivas O nexo aparece como marca sintáctica ao principio de cada cláusula.	<i>ben...ben, cal...cal, nin...nin, ora...ora, quer...quer, xa...xa.</i> “Podemos mercar ben o teu vídeo xogo, ben o xantar de mañá” (Nexo=exclusión)
Adversativas Unha modifica ou restrinxe a outra.	<i>pero, mais.</i> “Son pobre pero honrado” (Nexo= modificación, restrición)

Os nexos poden unir varias cláusulas, frases ou varios elementos no interior da frase, sempre no mesmo nivel e coa mesma función.

As conxuncións nas oracións subordinadas

Se o nexo indica que a segunda depende do verbo da principal, hai que determinar que función cumpre a segunda respecto á principal (se se comporta como un substantivo, adxectivo ou adverbio).

Subordinadas substantivas (Función de CD- directo, indirecto, interrogativo indirecto-, CI, SUX, SUP, PRED, ATR. Complemento do nome, Complemento do adxectivo)	Nexos: <i>que, se</i> “Cóntame que fixeches en clase de danza” “Dime se vas vir”
--	--

Subordinadas adxectivas (Adxectivas ou explicativas)	Nexo relativo: <i>que, cal, onde...</i> “Acaba de chegar o rapaz que rompeu o xeonllo”
Subordinadas adverbiais Función de CC: tempo, lugar, modo, cantidade Non funcionan de CC: comparativa, causal, condicional, consecutiva, concesiva, final	“Cando chamaches eu xa estaba aquí” “Foi máis listo ca min”

As subordinadas adverbiais poden ser:

Subordinadas adverbiais propias	<u>Modo:</u> <i>como, segundo, consonte...</i> <u>Lugar:</u> <i>onde</i> <u>Tempo:</u> <i>cando, antes de que, asemade, despois de que, mentres...</i> <u>Cantidade:</u> <i>canto</i>
Subordinadas adverbiais impropias	<u>Causais</u> (A porque B/ A=efecto, B=causa): <i>porque, dado que, posto que, xa que ...</i> “Non perdas o balón porque non che merco máis” <u>Concesivas</u> (A aínda que B, ou B opón dificultade pero non impide a realización de A): <i>aínda que, a pesar de que ...</i> “ Non quero o teu diñeiro así morra de fame” <u>Condicionais</u> (Se A logo B): <i>Se, con tal que ...</i> “Se rematas cedo, imos ao cine”. <u>Consecutivas</u> (A logo B ou A é a causa e B o efecto)): <i>conque, de maneira que, de xeito que...</i> “Ti non estabas alí, de modo que non fales” <u>Finais:</u> <i>para que, a fin de que ...</i> <u>Adversativas</u> (A pero B): <i>non obstante, con todo, así a todo, ora ben, só que, sacado que, senón, agás que, porén, fóra de que, bardantes que...</i>

Subordinadas adverbiais comparativas	<u>Igualdade, Superioridade e Inferioridade.</u> <i>ca, que, coma, como, máis que, menos...</i>
---	--